

para hacer feliz al triste, para hacer feliz al pobre;
para hacer que nadie sufra, para hacer que nadie lllore...
Yo quisiera que los hombres se abrazasen como hermanos
y que amasen las montañas y las aves y los campos,
y que el mundo fuese siempre dulce, eterna Primavera
idonde todo fuera un canto, donde todos fueran poetas!

.....
.....

Bien puedes ya callarte, pluma tonta.
¡Que gracia! Estas cerrada con mil puertas
y dices que tu vuelo se remonta
y dices que paseas por las huertas
¿Qué dices? ¡Que chistosa! ¡Tanto monta...!
Pues no, porque el vivir con piedras muertas
no pueden hacer cantar a los ratones
(que son los que aquí abundan a montones).
Callemos, pues, callemos, pluma mía,
que, al fin, ya hemos llegado con el cuento
al sitio donde el "héroe" aún expía
la pena de un "pequeño atrevimiento".
Más... ya con la mollera algo vacía
me olvido—y en mi propio detrimento—
de ser yo mismo "autor, lector y tema"
de aqueste mi grandilocuo poema.
¡Y bien! Ya en el silencio de las horas
mi vida paso a paso he recordado;
que en estas soledades heridoras
el alma solo vive del pasado.
Las rimas me salieron incoloras
cual es este lugar que las ha dado;
que siempre será cierto que el ambiente
influye en la materia y en la mente.
No tienen ese adorno y hermosura
que da el buen trovador a la canción;
mas tienen los ardores y dulzura
de aquel que solo tiene corazón.
A veces pude darles la verdura
del campo en su sublime gestación;
mas ni eso me he propuesto al comenzar,
ni acierto con palabras a expresar
el culto con que adoro las bellezas
a impulso de este pecho enloquecido,
y son todas mis frases impurezas
sin vida ni expresión ni colorido.
Tan solo se inundarme en mil ternezas
viviendo con la vida confundido;
tan solo sé sentir, sentir, sentir...;
tan solo sé adorar iy sé sufrir!

Intervención de Don Víctor Fernández Freixánes Catedrático de literatura, escritor e Presidente da Real Academia Galega

Bos días a todos e a todas.

Vou intentar ser breve.

Os profesores Alonso Montero e Moralejo Álvarez fixeron unha glosa completa da vida de Evaristo de Sela, polo tanto eu vou reducirme a unha lembranza e unha anécdota.

En primeiro lugar é para min unha honra estar hoxe aquí convocado pola memoria e pola lembranza de Evaristo de Sela; polo tanto o meu primeiro saúdo é para a familia, sobre todo para Teresa e para Stella, da que son compañeiro de profesión desde fai moitos anos.

Esta iniciativa da Asociación Cultural Evaristo de Sela é algo que os honra. As veces hónranos a nós máis dar un agasallo ou un premio que ó mesmo premiado, e neste caso o recordo de Evaristo de Sela e o feito de que os veciños desta parroquia, desta aldea, lembren e agasallen como se merece a figura do poeta e tradutor é algo que os dignifica a eles tamén. Polo tanto parabéns e felicidades a esta iniciativa compartida polos veciños e polo Concello representado aquí polo alcalde e no descubrimento desta placa conmemorativa.

Digo que para mín é unha honra estar hoxe aquí porque da man de Evaristo de Sela veño a terra

do meu avó, pois él Valeriano Freixanes era natural de Sela; aquí se criou e toda a súa familia provén de aquí. Para mín este reencontro é como volver atrás aínda que eu non frecuentei estas terras e só viña de vez en cando, pero Sela era sempre esa evocación na miña casa cando no día de noiteboa viña o meu tío Pepe e traía a lamprea seca que servía de cea para esa noite pois na miña casa en noiteboa non se comía bacalao, senon lamprea. Polo tanto, vir hoxe aquí as terras de Sela da man de Evaristo é algo que me honra e que me enche de alegría

E desta aldea falaba eu con Evaristo desde que o coñecín sendo el catedrático de Grego no Instituto de Santo Tomé de Freixeiro, en Vigo e isto sucedeu no final da súa etapa como profesor e cando eu empezaba a miña como catedrático de lingua galega na primeira promoción. Antes compartirá docencia coa súa filla Stella no instituto de Coia.

Eu son dos que cree que a cultura de occidente, a nosa cultura con toda a grandeza

que ten básase en tres pes e unha trave e sobre eles sostense o universo cultural. Un pe é o mundo dos mitos bíblicos coa súa proxección mesopotámica e incluso exipcia; o outro pé é o mito artúrico, todo o que ten que ver cos cabaleiros da mesa redonda e a tradición xermánica que se proxecta logo no mito do Grial, coa cristianización deses mundos.



E o terceiro pé é a sabiduría grecolatina que ten as raíces en Homero e a forza racional nos filósofos; pero Homero é o principio do vínculo. So nos queda determinar a trave que cubre eses tres pés e que ven sendo o Camiño de Santiago que construiu esa identidade no Medioevo.

Eu falei moito disto con Evaristo de Sela que era aquel profesor exquisito, educado, pulcro, elegante, que viña a clase cunha discreción e unha sabiduría infinita e que se sentaba a falar con aquel rapaz, que era eu, e que estaba no gal eguismo, comezando o uso das novas xeracións da lingua galega. Evaristo traía todo o tesouro da cultura grecolatina e da cultura homérica explicada en palabras da tribu, nas palabras da tribu galega e máis concretamente nas da tribu de Sela; porque Evaristo era de Sela como Tales o era de Mileto, Ulises de Ítaca e Nestor de Pilos. Ese feito fai que Sela, de repente aparecese no mundo. Como de Sela era tamén o meu avó Valeriano iniciamos unha amizade naqueles claustros a pesar de ser tanta a diferenza de idade.

E agora ven a anécdota da que falei no principio da miña intervención: un día cheguei a clase moi rufo, coa fexcinación que me producía o mundo helenico que xa procedía da miña infancia a través do cine, porque cando era eu neno so viamos dúas películas: *El capitán Blood*, de Errol Flin; e *Helena de Troya*; i esas películas repetíanse todos os días no cine Victoria e que eu vin doce, catorce, dezaseis veces.... Sabíamolas de memoria e, unha vez rematada a función cinematográfica, iamos a ribeira do Lerez xogar con paus e repetir as escenas que antes víramos na gran pantalla e convertíamonos en Aquiles, Paris, Helena... e montábamos alí unha batalla sacando barrotes da carpintería do señor Fontán. Eran tempos anteriores a aparición da televisión e por tanto esa era a nosa infancia e a nosa maneira de vivir as aventuras que víamos no cine.

Nesa época, tendo eu doce anos máis ou menos, chegou un profesor ó instituto cun manga de de folios e dixo: -Isto que vos traio aquí é a Guerra de Troia, a crónica troiana escrita en lingua galega no século XIV. Nos, que era-

mos uns rapaces dixemos -Este toleou; porque para nos a guerra de Troia eran as películas do cine, era a fascinación daquelas escenas que despois recreábamos mais tarde no campo de xogo. O profesor insistiu e leu o pranto que fai Aquiles pola morte do seu amigo.

Destas cousas eu falaba con Evaristo, i un día na clase que eu impartía en Vigo ós meus alumnos do nocturno tocume falar da guerra troiana. Empecei a falar de como eu me emocionaba cando era neno e que un día o profesor nos leu sobre aquela guerra ocorrida doce séculos antes de Xesucristo que loga cantara Homero catro séculos despois, aquela guerra que veu conmocionar o mundo clásico e que deixou tanta pegada. I enton eu comecei a falarlle e vin de súeto que non me estaban a escoitar. -Pero logo qué? -pregunteilles- Non sabedes de que estou falando? Pois da guerra de Troia. Fíxose o silencio. Isto ocorria no ano 1983 no Instituto Santo Tomé de Freixeiro de Vigo con alumnos de dezaseis ou dezasete anos. E voltei a preguntar -Pero vos non sabedes de que vai a guerra de Troia?. De súpeto un dí. -Ah,. Si unha dun cabalo. Eu sorprendido contesteille—Como que dun cabalo? E engadin—A guerra de Aquiles, de Agamenón, de Helena, de Néstor, de Ulises... E un contestou desde o fondo. -Ah si o da televisión... Pois sí; so coñecían a guerra de Troia por unha serie de televisión de debuxos animados dun tal Ulises e Telémaco que viaxaban polo universo nun platiño voante matando extraterrestres e que emitían os domingos na sobremesa. Os rapaces coñecían os debuxos animados e creían que Ulises e Telémaco eran aqueles héroes da televisión, pero descoñecían os do poema de Homero.

Esta é a anécdota i eu conteilla a Evaristo e recoñeceu o profundo descoñecemento que había nos estudantes da cultura clásica

Evaristo, cando nos atopábamos, líame os versos que ia traducindo e que se publicaron pimeiramente na editorial Castrelos baixo a dirección de José María Álvarez Blázquez e pouco tmeo despois coincidín con el polas rúas de Vigo e comenteume que por fin eran publicados as traducións completas de *A Iliada* e a *Odisea* polo Consello da Cultura Galega.

Moitas grazas.

Intervención de Agapito Valado Fernández cofundador, secretario (1911-1919) e presidente (desde 1919) da A. C. Evaristo de Sela

Bo día a todos.

Hai dúas persoas as que lle quero agradecer o feito de poder celebrar hoxe aquí este acto de homenaxe: por unha banda, don Xesús Alonso Montero, mestre, palabra que mellor o define; foi a súa idea propondo que os versos de Evaristo se pronunciaran diante da súa casa; esa é a causa de estar todos hoxe aquí. A segunda persoa que interviú nesta decisión foi a filla do homenaxeado, Stella Maris González Balbuena. Entre eles os dous, Manolo Alvarez Groba e mais eu artellamos todo o entramado da programación reuníndonos varias veces na cafetería Lembranza de Vigo, eu abraiado e entusiasmado escoitando a palabra clara e fácil de don Xesús. Nesas xuntanzas foi tomando forma este acto de homenaxe a Evaristo de Sela na casa natal, na humilde casa labrega na que el se criou e a que retornou a vivir durante dúas temporadas de xuventude por motivos dos que daremos conta.

Vou realizar a miña intervención baseandoa fundamentalmente en tres feitos que son as tres etapas que viviu Evaristo González Fernández, o fillo máis novo do Reloxeiro, nesta casa, neste barrio de A Granxa e nesta parroquia de Sela.

Evaristo naceu nesta casa un día 2 de marzo de 1917, e pasou nela a primeira etapa da súa vida. Posiblemente a súa nai fora asistida no parto por Concepción da Moña, unha muller que se adicou du-

rante moitos anos de parteira nesta e noutras parroquias veciñas, axudando a vir o mundo a centos de rapaces, algúns deles, homes maduros presentes hoxe aquí.

Evaristo criouse nesta casa, camiñou por estes carreiros e corredouras, que daquela non estaban asfaltados como o están hoxe, transitou por este barrio histórico de A Granxa que fundaron os monxes de San Martiño. Supoño que a partir dos sete anos, como todos os rapaces desa idade, iría a escola de don Pío Paradiñeiro que estaba situado nos baixos dunha casa particular no barrio dos Eidos de Arriba, a case quilómetro e medio de onde nos atopamos, antes de construír o Grupo Escolar no lugar das Portelas. Naquel tempo os rapaces colaboraban moi activamente nas labores do agro pero Evaristo, que era un neno moi espabilado, que se daba conta da súa capacidade

para aprender e do pouco futuro que ía ter traballando as terras da familia. Teimaba isto mentras pastoreaba as ovellas na Ribeira do Porto e na Trincheira da via. El quería estudar, como afirma a a súa filla Stella Maris González na introdución o libro *Versos de preso e outras rimas*. O pai mercoulle unha enciclopedia que aprendeu de principio a fin moi depressa e discutía co Curilla, o carteiro que acudía a recoller a correspondencia ó tren correo cando este lle preguntaba cousas dela e él non so lle

